

MEMORIA

**SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS
A N O 2024**



I.	INTRODUCCIÓN.....	2
II.	NORMATIVA APLICABLE.....	6
	II.1 NORMATIVA XERAL.....	6
	II.2 NORMATIVA PROPIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.....	6
III.	ORGANIZACIÓN E MEDIOS.....	7
	III.1 ORGANIZACIÓN.....	7
	III.2 MEDIOS PERSOAIS.....	8
	III.3 PROCEDEMENTOS DE CONSULTAS NA ÁREA ECONÓMICA.....	11
	III.4 CONVENIO DEPUTACIÓN - COSITAL A CORUÑA.....	12
	III.5 ESPAZO SAEM EN WEB.....	13
	III.6 OUTRAS ÁREAS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS.....	15
IV	ACTUACIÓNS SAEM DO ANO 2024.....	25
	IV.1 EMISIÓN DE INFORMES E RESOLUCIÓN DE CONSULTAS EN TEMPO REAL.....	26
	IV.1.1 CONSULTAS EVACUADAS NA ÁREA DE INTERVENCIÓN.....	26
	IV.1.2 CONSULTAS NA ÁREA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.....	31
	IV.2 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN.....	36
	IV.2.1 XORNADAS FORMATIVAS SOBRE NOVIDADES LEXISLATIVAS.....	36
	IV.2.2 ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS.....	38
	IV.3 PROXECTOS SINGULARES DE ASISTENCIA A EELL DA PROVINCIA.....	39
	IV.3.1 NOVO PROXECTO DE EVOLUCIÓN DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE RRHH E NÓMINAS GINPIX7 Á CONTORNA SAVIA CLOUD PARA OS CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS DA CORUÑA.....	39
	IV.3.2 PLAN PREMADECOR. PLAN ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.....	41
	IV.3.3 PROXECTO DE ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS INVENTARIOS MUNICIPAIS CON INTEGRACIÓN EN GPA (XESTIÓN PATRIMONIAL DE ACTIVOS) E, COA EIEL (ENQUISA DE INFRAESTRUTURA DE EQUIPAMENTOS LOCAIS).....	47
	IV.3.4 CONTROL FINANCEIRO POR DELEGACIÓN DOUTROS ENTES.....	52
	IV.4 ORDENANZAS MUNICIPAIS.....	53
	IV.5 COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.....	58
	IV.6 ELABORACIÓN DE CONTIDOS ACTUALIZADOS WEB.....	63
	IV.7 IMPULSO DA COLABORACIÓN TRANSVERSAL DA ASISTENCIA A CONCELLOS MEDIANTE A DIPAÑIBILIDADE DAS DISTINTAS ÁREAS ADMINISTRATIVAS PROVINCIAIS.....	64
	IV.8 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO.....	67
	IV.9 EXPLORACIÓN DE CANLES DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIAS.....	67
V	CONSIDERACIÓNS FINAIS.....	68



I. INTRODUCCIÓN.

O Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos mantén o seu compromiso de presentación da Memoria Anual relativa ás actividades -nesta ocasión respecto das desenvolvidas durante o exercicio 2024- tal e como ven facéndose dende o ano 2020. A presente Memoria anual ten como obxectivo trasladar ao pleno corporativo o informe de xestión do servizo co ánimo de describir o seu funcionamento e o alcance das súas accións e actividades, no marco das competencias en materia de Asistencia nas diversas áreas atribuídas polo ordenamento vixente ás deputacións provinciais.

O servizo de Asistencia se consolida como una peza esencial nas funcións de asesoramento e colaboración das entidades locais da provincia en tódolos ámbitos de actuación administrativa, conforme á previsión configurada no artigo 36.1b) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da deputación as de *asistencia e cooperación económica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión*, procurando tamén á extensión da colaboración ao resto das entidades locais da provincia.

Se constata un exercicio máis o compromiso da Deputación da Coruña na responsabilidade no desenvolvemento deste labor grazas á implicación institucional tanto a nivel técnico como humano, propiciando, deste xeito, a posta a disposición das entidades locais tanto da creación e/ou actualizacións das ferramentas e programas técnicos e informáticos -que seguen a dar solución ás inesgotables demandas dunha administración local en continua evolución-, como dun organigrama provincial ao dispor dos concellos que posibilite a satisfacción das eventualidades que nelas xurdan nas áreas de cooperación xurídica, económica e técnica.



Deste xeito, e para a consecución destes obxectivos estratéxicos da institución, segue sendo imprescindible non só fomentar a implicación do persoal da organización, senón tamén o respaldo decidido das unidades xestoras para posibilitar a actualización, innovación e adaptación deste servizo as demandas que o mudable escenario normativo e tecnolóxico converten en esixencias; e todo isto, co propósito de facilitar o cumprimento das tarefas coas maiores garantías de calidade, celeridade e eficacia, promovendo a colaboración e coordinación entre as distintas áreas de xestión provincial.

O cambio do modelo na filosofía que inspira a caracterización do servizo como unha asistencia integrada e integradora por parte da totalidade das áreas provinciais, tivo o seu fito inicial no Plan de reorganización 2013, que xirou sobre dúas ideas fundamentais: o sistema de traballo en rede cos concellos, e a especialización dos recursos humanos, pasando dun modelo centralizado nun único e específico servizo de asistencia, a un sistema de asesoramento descentralizado onde todos os recursos humanos da entidade -con independencia da unidade administrativa de adscrición- se poñen ao dispor dos concellos da provincia.

O segundo fito desta evolución constituíuno o Plan de emprego 2013-2015, no que o Servizo de Asistencia Económica pasou a formar parte da Área de Intervención coa denominación de Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, integrada por dous seccións inicialmente, á que se incorporou con posterioridade unha terceira sección que presta asistencia na xestión e elaboración das nóminas do persoal dos concellos.

Dende unha perspectiva institucional, e como consecuencia do entorno socioeconómico, se segue a perseverar no propósito da cobertura do mantemento e mellora dos servizos básicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social da cidadanía da provincia; nesta liña, destaca a articulación dos Plans POS+ e PEL ademais doutros complementarios, como son os Programas incluídos dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia iniciados no 2024, para garantir o desenvolvemento económico e sostido dos concellos. As grandes liñas de actuación neste eido poden sintetizarse nas seguintes:

- POS+2024, que continúa na liña iniciada no POS+ 2023 en relación cos Plans dos anos anteriores:

Engádese no POS+2024 un novo obxecto denominado “*Redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial*” orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, POS+2017 ao POS+2023.



Polo tanto, para acadar as finalidades deste POS+ 2024, a aplicación das achegas provinciais puideron aplicarse aos seguintes obxectos:

- **GASTO CORRENTE:**

O concello puido destinar a “achega provincial 2024”, ou excepcionalmente a “achega provincial 2023” no suposto previsto no último parágrafo da base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devindicados durante o exercicio 2024 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas bases 2.1 e 5.B.1 reguladoras deste Plan provincial

- **REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS**

O concello tamén puido valorar o destino da “achega provincial 2024” e a “achega provincial 2023” ao financiamento de investimentos de competencia municipal.

- **REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN POLA UTILIZACIÓN DE PRÉSTAMO PROVINCIAL NOS PLANS PAI 2015 E PAI 2016 E POS+ 2017 AO POS+2023:**

Posibilidade de destinar a “achega provincial 2024” e a “achega provincial 2023” á redución da débeda que o concello ten coa deputación orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, POS+2017 ao POS+2023.

- **GASTOS SOCIAIS:** O concello finalmente, tamén pode destinar a “achega provincial 2024 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na base 12, a través do “POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024”.

- **Plan de Emprego Local (PEL)**

Concibiuse como instrumento que complementa as medidas de cooperación e asistencia promovidas para fomentar o desenvolvemento territorial da provincia, co obxectivo principal de activar todos e cada un dos recursos da Deputación cara a unha meta común: A xeración de actividade económica e emprego para que a provincia da Coruña sega sendo o motor económico de Galicia.

Considerando, unha vez máis, que os concellos son institucións públicas que actúan, tanto na cobertura, como no impulso da actividade económica municipal, e que as pequenas empresas e traballadores/as autónomos/as son piares fundamentais na socio economía provincial, os fondos destinados ao Plan de Emprego Local, incrementáronse respecto ós exercicios anteriores.



- **Programas dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia iniciados no 2024.**

A situación actual, esixiu no exercicio 2024 a continuidade na prestación por parte do SAEM desta actividade de colaboración coas iniciativas que se aplicaron a nivel institucional coa finalidade da efectiva prestación dos servizos básicos esenciais encomendados ás entidades locais da provincia, ademais de colaborar no cumprimento dos obxectivos fixados polos distintos planes financiados con fondos europeos.

- **Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destino: Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar costa Ártabra.**

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

- **Proxecto Senda Ciclista entre Valdoviño e Taraza.**

O Proxecto está incluído no ámbito do investimento como proxecto singular local de enerxía limpa en municipios con reto demográfico, dentro do marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- **Proxecto Infraestrutura dixital: CPD Concellos dixital.**

Este proxecto baséase na migración da información e as aplicacións a un novo CPD, con maior capacidade, máis eficiente e seguro.

- **Proxecto Concello dixital (Transformación dixital nas EELL da provincia).**

O proxecto forma parte dunha estratexia integral para a transformación e modernización dixital dos concellos da provincia, coa ambición de alcanzar un Concello plenamente Dixital. É unha plataforma tecnolóxica que mellora a calidade do traballo do persoal da Administración municipal, situando á cidadanía no centro da administración electrónica, realizando TODO o traballo relacionado coa tramitación de expedientes de maneira electrónica a través dun correcto e eficaz uso da plataforma TEDEC, outras plataformas de administración electrónica e das súas integracións, garantindo a SATISFACCIÓN da CIDADANÍA.



- **Proxecto Concello dixital - Padrón. Cara o padrón online: novo modelo de xestión de información territorial provincial.**

O proxecto esta destinado á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A continuación, relaciónanse os aspectos máis relevantes explicativos da natureza e o ámbito da actividade de asistencia económica a concellos e a outras entidades locais da provincia durante o exercicio 2024.

II. NORMATIVA APLICABLE

II.1. NORMATIVA XERAL

- 1º Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (artigos. 4, 26 ,31 e 36) modificada por Lei 27/2013, do 30 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- 2º Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- 3º Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- 4º Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

II.2. NORMATIVA PROPIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- 1º- Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais do 11 de outubro de 1988, publicado no BOP núm. 245 do 25 de outubro de 1988.
- 2º- Bases específicas da asistencia económica aos concellos e procedemento Subtel SAEM-INFORMES, publicado no BOP nº 24 do 4 de febreiro de 2019.



III. ORGANIZACIÓN E MEDIOS

III.1. ORGANIZACIÓN

A organización do servizo mantén a súa configuración dentro da Xefatura de Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, que á súa vez queda integrada dentro da Intervención Provincial (*"Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira"*).

O Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos ten como obxectivo, tal e como sinala o seu regulamento orgánico, *"calquera tipo de asesoramento económico-financeiro (contestación de consultas, comunicacións e visitas informativas, redacción de informes, estudos, ditames e propostas de resolución de índole económica)"*, baixo os principios básicos de supletoriedade e complementariedade, así como de petición municipal.

O asesoramento económico-financeiro e orzamentario préstase polo persoal do servizo en función das súas dispoñibilidades persoais, -agás que a peculiaridade da cuestión formulada requira un ditame de expertos alleos-, e versará, entre outras, sobre materias tales como:

- Xestión orzamentaria (colaboración na formación dos expedientes de orzamentos, modificacións orzamentarias e liquidación).
- Conta xeral (as relacionadas con aspectos xurídicos -non as do programa contable-).
- Asesoramento en materia de fiscalización de expedientes.
- Asesoramento en materia de contratación e patrimonio.
- Mantemento e actualización dos contidos do Portal WEB SAEM Deputación da Coruña, coa divulgación de contidos económico financeiros (normativos, xurisprudenciais e doutriniais).
- Indicadores económicos e análises orzamentarias.
- Réxime e expedientes de operacións de endebedamento.
- Asistencia nos expedientes de ordenanzas fiscais e non fiscais.
- Plans de disposición de fondos e orzamentos de tesourería.



- Colaboración cos municipios na tramitación de expedientes administrativos relativos a cuestións orzamentarias, plans de saneamento e económico financeiros, acordos de non dispoñibilidade e a súa adecuación ó escenario vixente de reactivación das regras fiscais.
- Asistencia e asesoramento na xestión da nómina do persoal ao servizo dos concellos.
- Colaboración nas actuacións de control financeiro.
- Colaboración na procura do cumprimento dos requirimentos de información de diversa natureza solicitada pola Administración do Estado, da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas e Consello de Contas.
- Colaboración coas entidades locais nas súas relacións co Consello de Contas, fomentando a creación a través deste servizo provincial dun canle permanente de comunicación áxil, dinámico e eficaz entre as entidades locais e o organismo de control autonómico,
- E, en xeral, todas as referidas ao exercicio da actividade económica económico-orzamentaria, tanto na súa vertente administrativa como na institucional.

Por outra banda, o Servizo de Asistencia Económica propónse ter uns obxectivos complementarios moito máis ambiciosos, xa que continúa a procurar a existencia dun vínculo de información recíproco, estable e continuo coas entidades locais, de xeito que a súa funcionalidade e utilidade supoña a intervención de todos os actores implicados, de xeito que entre todos sexamos quen de construír un espazo de colaboración común que sirva de ferramenta para a consecución dunha xestión dos asuntos públicos áxil e con garantía de eficacia.

III.2. MEDIOS PERSOAIS

Coordinación e dirección política

- **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña
- **JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO**, Presidente da Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital.
- **CRISTINA GARCÍA REY**, Presidenta da Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios.



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

Coordinación técnica-administrativa

- Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos configúrase como servizo adscrito á Intervención Xeral.

INTERVENCIÓN XERAL

- José Manuel Pardellas Rivera. Interventor Xeral
- José María Pérez Alvariño. Viceinterventor
- Juan Bautista Suárez Ramos. Interventor adxunto
- Marcial Rodríguez Toajas. Interventor adxunto

Xefatura servizo Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos

- María José Vázquez Sesmonde.

1. PORTAL SAEM E XESTIÓN ORZAMENTARIA, ESTABILIDADE, ESTUDOS E INFORMES

SECCIÓN I

- María Ángeles Casal Pérez. Xefa da sección de Orzamentos
- María del Carmen Dono Gómez. Xefa de negociado
- Beatriz Díaz Canedo. Administrativa

SECCIÓN II

- Pilar Astray Vázquez. Xefa da sección SAEM
- Gerardo Ulfe Calvo. Técnico financeiro tributario
- Hilda García López. Técnica de xestión
- Alberto Vázquez Docampo. Administrativo



2. XESTIÓN DE INCIDENCIAS PROGRAMA GINPIX NÓMINAS

SECCIÓN III

- María Rosón Porto. Xefa da sección.
- M^a Carmen Pardo Fernández. Xefa de departamento.
- Cristina Cendán García. Asesora técnica

Con carácter complementario, outros ámbitos de colaboración destacada nas funcións de asistencia a concellos por parte dos servizos provinciais son os seguintes:

A) ASISTENCIA XURÍDICA

SECRETARÍA XERAL

ASESORÍA E ASISTENCIA XURÍDICA

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

B) ASISTENCIA TÉCNICA

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS

C) ASISTENCIA SERVIZOS PROVINCIAIS

- o **SERVIZO DE CONTABILIDADE** : Xestión de incidencias do programa de contabilidade e xestión de facturas e documentos contables (SICALWIN e FIRMADOC)
- o **TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS E RECADACIÓN** : Asistencia técnica na xestión recadatoria e tributaria, singularmente no exercicio da delegación de tales competencias na Deputación
- o **XESTIÓN DE PLANS PROVINCIAIS** : Asistencia na xestión e tramitación dos plans provinciais
- o **SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA** : Xestión de incidencias xerais de contido técnico e xestión de incidencias (programa TeDEC)
- o **SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE** : xestión de incidencias a través da aplicación PROACTIVA
- o **SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS**: Asistencia en materia de xestión de recursos humanos, en especial neste exercicio no referente aos procesos de estabilización



III.3. PROCEDEMENTOS DE CONSULTAS NA ÁREA ECONÓMICA

Coa finalidade de homoxeneizar os procedementos das solicitudes de asistencia económica aos concellos, diferenciando as consultas en función da súa natureza, de forma que permita deixar constancia en todo caso dos seus contidos e pronunciamentos, continúan vixentes os seguintes procedementos:

- a) *Procedemento específico e singular en SUBTEL (Asistencia Económica)*: Solicitud de informes na área de colaboración económico-financeira e orzamentaria, respecto de asuntos de especial transcendencia ou complexidade que requiran a formalización da resposta mediante a emisión dun informe específico.
- b) *Procedemento CAU, PROACTIVANET*: Procedemento para a solicitude de pronunciamento por parte do SAEM sobre consultas que non requiran da formalidade dun expediente administrativo, pero respecto das que se demande a colaboración e asistencia da Deputación, tanto para a resolución de dúbidas, como para a fixación de criterios interpretativos da propia Deputación provincial sobre diversas materias neste ámbito.

Como en exercicios anteriores, no ano 2024 a utilización dos sistemas de consultas mostrou unha vez máis a súa efectividade, na procura da prestación polo SAEM dunha asistencia caracterizada polos requisitos de inmediatez, celeridade e calidade. A observación das numerosas incidencias -resoltas de forma áxil e eficaz-, ou a actualización dos contidos e novas coa mesma celeridade que a normativa aprobada polas distintas administracións, segue a mostrar ás claras tanto a procedencia da decisión adoptada polo servizo respecto da normalización dos procedementos como a confirmación do compromiso e vocación pública que ano tras ano ven caracterizando a actividade de asistencia municipal por parte da totalidade dos servizos provinciais.



III.4. CONVENIO DEPUTACIÓN-COSITAL A CORUÑA-PONTEVEDRA

Como consecuencia das novidades lexislativas introducidas pola Lei 9/2017, de contratos do sector público e, singularmente, o Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, constatouse a necesaria habilitación dun canle procedemental por parte da Deputación para posibilitar o adecuado exercicio por parte dos órganos de intervención das tarefas fiscalizadoras relativas á comprobación material dos investimentos, singularmente nos casos nos que se evidencie a necesidade de contar con coñecementos técnicos específicos e as entidades non podan asumir esa función por non contar no seu organigrama municipal co persoal técnico especializado.

Para lograr unha maior eficacia na xestión das actuacións de colaboración por parte do Servizo de Asistencia Técnica aos Municipios neste ámbito, e á vista dos resultados obtidos en exercicios anteriores, considerouse esencial seguir contando coa colaboración do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das Provincias da Coruña e Pontevedra (COSITAL A Coruña-Pontevedra), como corporación de dereito público que representa os funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional na provincia, de forma que esta colaboración redunde na consecución dos obxectivos propostos e coadxuven ao eficaz exercicio das funcións que teñen encomendadas estes funcionarios.

Como xa se informou na Memoria do ano pasado, formalizouse durante o exercicio 2023 un novo convenio con COSITAL A Coruña-Pontevedra que entrou en vigor con efectos 01/01/2023 e que será de aplicación no período 2023-2026, ampliándose o ámbito obxectivo da prestación do Servizo de Asistencia Técnica a Concellos da Deputación ás funcións de colaboración e asistencia presencial aos órganos de intervención municipais no exercicio das funcións fiscalizadoras relativas á comprobación material dos investimentos a aqueles concellos pertencentes ao ámbito territorial da Provincia da Coruña cunha poboación inferior a 20.000 habitantes e respecto daqueles investimentos aos que se refire o artigo 20.3 do Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno; isto é, cando o importe do investimento suxeito a comprobación material sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.



Na medida na que as dispoñibilidades persoais o permitan, recóllese a posibilidade de ampliación do ámbito subxectivo da prestación da asistencia técnica a concellos de maior poboación que a definida no convenio.

Dende a Área de Asistencia Técnica, infórmase que durante o exercicio 2024 se recibiron e atenderon 119 solicitudes de asistencia ás intervencións municipais para recepción de obras ou subministracións, o que acredita os resultados máis que satisfactorios acadados neste eido por aquel.

III.5. ESPACIO SAEM EN WEB

O Portal do Servizo de Asistencia Económica a Concellos da Deputación da Coruña, integrado na propia páxina Web provincial, se consolida como unha ferramenta de utilidade que contribúe á consecución do obxectivo estratéxico de impulso continuo e innovador para ofrecerlles aos concellos información e procedementos de natureza interactiva áxiles, útiles, e eficaces nas tarefas de asistencia e cooperación provincial.

Dende este servizo procurouse dar a maior información posible actualizada en cada momento a través do servizo de “NOVAS”, onde se plasmou o enorme esforzo do persoal do servizo para coordinar as actuacións cos concellos e servizos provinciais de cara a recoller unha recompilación diaria da inxente información de contido normativo que se está a producir; así, intégranse nesta carpeta cunha actualización permanente e diaria:

- A normas lexislativas estatais e autonómicas de moi diversas áreas administrativas (contratación, tributaria, xestión de persoal, servizos sociais, réxime de funcionamento dos órganos municipais, réxime orzamentario, etc.).
- As comunicacións de diversas institucións de relevancia como a FEMP, FEGAM, ORIESCON, AIREF, e en xeral de entidades, institucións e organismos pertencentes ás distintas administracións públicas.
- As instrucións e comunicacións do Tribunal de Contas e o Consello de Contas como órgano de control externo da Comunidade.



- Consultas, informes e comunicación do Ministerio de Facenda con incidencia orzamentaria, relativa ás revisión dos prazos e contidos das plataformas de rendición de contas e subministro de información de variada natureza.
- Informes da Avogacía do Estado sobre as interpretacións da normativa contractual.
- Alertas sobre procedementos, resumos de contidos normativos, ditames de tribunais administrativos de contratación e modificación de procedementos propios da Deputación -por mor da adaptación ás excepciónais condicións de procedementos de natureza especialmente tributaria-.

Neste labor difusora continúa a ser esencial e imprescindible a colaboración dos Concellos así como a cooperación singular do Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de A Coruña-Pontevedra (COSITAL A Coruña-Pontevedra).

Mantense pois a vocación de xeneralidade e universalidade que inspirou o nacemento deste portal, perseverando un exercicio mais na súa vocación de estender o seu ámbito de colaboración nunha dobre perspectiva:

- a) Exterior, referida ás institucións do ámbito universitario (USC, UDC, etc...) como calquera outra entidade que desexe coadxuvar no desenvolvemento e configuración desta Base de Documentación Xeral, na que se integren sentenzas, resolucións, ditames, informes, consultas, doutrina e calquera documentación adicional que sexa de interese.
- b) Interna, referida a la creación de unha base documental de informes solicitados pola Deputación sobre diversos ámbitos (xurídicos, socioeconómicos, culturais) cuxo contido poida ser de utilidade para os concellos.

O acceso é a través do Portal Web da Deputación provincial, co contido seguinte:

Novas: informacións de interese de distinta índole que diariamente vaian producíndose.

Presentación con información da organización, contacto e ligazóns.



Áreas temáticas de xestión orzamentaria e estabilidade, fiscalización, endebedamento e contabilidade, xestión de nóminas, funcionarios con habilitación nacional, contratación, Fondos Next Generation, onde cada área contén distintos módulos, en xeral:

- Normativa, doutrina e xurisprudencia de interese
- Modelos e formularios
- Consultas

III.6. OUTRAS ÁREAS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS

Primeiro. Contabilidade

En relación co Servizo de Contabilidade, a labor de colaboración cos concellos mediante a resolución de incidencias de contabilización no programa SicalWin constitúe un compoñente esencial do seu cometido, garantindo ademais o cumprimento das obrigas contables e de remisión de información económico-orzamentaria ao Ministerio por parte das entidades locais adheridas.

Na anualidade 2024, o número total aproximado de asistencia realizadas aos concellos de todas as aplicacións contables (SicalWin, Firmadoc, GPA, CES, etc...) ascenden a 5.514 asistencia.

Cómpre seguir incidindo e destacando as labores de asesoramento e colaboración que o Servizo de Contabilidade da Deputación presta ás entidades locais da provincia nos procesos de peche contable, liquidación e formación do expediente da Conta Xeral, así como depuración de saldos contables e elaboración dos informes relativos os indicadores de Período Medio de Pago.



O número de asesoramentos nos procesos de peche contable ascenden ó longo do exercicio 2024 aos seguintes:

- a) Peches Sicalwin correspondentes ao exercicio 2023: 85
- b) Peches GPA correspondentes ao exercicio 2023: 26
- c) Comprobación módulo contable de proxectos: 85
- d) Comprobación módulo contable de subvencións: 83

Segundo. Área de Xestión tributaria e recadatoria.

Sen dúbida, outra das áreas de especial relevancia no ámbito de asesoramento e colaboración de natureza económica ás entidades locais da provincia é a de Xestión Tributaria e Recadatoria, cuxa Memoria do Servizo para o ano 2024 detalla o resumo da actividade desenvolvida *"no marco dos traballos de asistencia técnica a Concellos nos servizos de xestión recadatoria municipal en período voluntario e executivo, xestión administrativa e recadación de multas de tráfico así como de colaboración na xestión catastral"*.

Así mesmo convén subliñar que *"A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa, as competencias en materia tributaria en relación cos tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal, mediante a adhesión particular e expresa do Concello titular dos mesmos ás Bases Reguladoras aprobadas"*.



Como proba deste inxente labor durante o último exercicio, xúntanse os cadros resumo dos seguintes ámbitos, incluídos na Memoria do exercicio 2024 elaborada polo Servizo:

a) Relativas ó volume do importe de recadación en vía voluntaria e executiva así como a súa evolución nos últimos exercicios:

b)

RECADACIÓN EN VOLUNTARIA			
Padróns:			
Exercicio	Recadado Total	% Recadación Total	% Domiciliado Xeral
2021	151.369.022,36 €	89,41%	55,17%
2022	155.857.962,41 €	90,04%	57,49%
2023	161.388.483,42 €	91,10%	59,74%
2024	168.240.902,26 €	91,10 %	61,16 %

Liquidacións:		Autoliquidacións:	
Exercicio	Recadado Total	Exercicio	Recadado Total
2021	11.899.951,19 €	2021	5.322.360,14 €
2022	11.604.337,52 €	2022	7.568.833,15 €
2023	12.724.927,85 €	2023	6.749.128,15 €
2024	12.497.301,98 €	2024	5.721.476,10 €

RECADADO EN VÍA EXECUTIVA:		
Exercicio	Recadado Total	Pendente Executiva
2021	21.850.281,90 €	84.437.541,76 €
2022	24.474.252,76 €	65.355.030,19 €
2023	24.508.389,79 €	67.858.867,10 €
2024	26.843.354,87 €	73.097.316,31 €

FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2024



Singularmente recóllese na Memoria do Servizo a evolución comparativa dos anos 2023 e 2024 dos principais impostos (IBI, IVTM e IAE):

IBI	Cargo Líquido	Nº Inmobles	Importe Recadado	% Recadado	% Domiciliado
2023	101.963.955,71 €	579.115	93.856.596,92 €	92,05%	63,59%
2024	103.231.411,60 €	580.986	95.584.748,91 €	92,59%	64,42%
Diferenza	+1.267.455,89 €	+1.871	+1.728.151,99 €	+0,54%	+0,83%

IVTM	Cargo Líquido	Nº Vehículos	Importe Recadado	% Recadado	% Domiciliado
2023	27.525.874,37 €	415.433	23.197.642,77 €	84,28%	44,21%
2024	28.201.108,29 €	426.268	23.249.570,05 €	82,44%	43,61%
Diferenza	+675.233,92 €	+10.835	+51.927,28 €	-1,84%	+0,45%

IAE	Cargo Líquido	Nº Contribuíntes	Importe Recadado	% Recadado	% Domiciliado
2023	11.199.464,46 €	7.173	10.702.882,32 €	95,57%	52,34%
2024	11.376.339,91 €	7.591	10.821.298,53 €	95,12%	54,15%
Diferenza	+176.875,45 €	+418	+118.416,21 €	-0,45%	+1,81%

c) relativas ás asistencias tributarias


Cadro Resumo de Asistencias por exercicio:

Exercicio	Total	Presenciais	Non presenciais	Visitas Oficina Virtual
2020	227.590	32.585	195.005	73.962
2021	263.596	34.861	228.735	100.746
2022	312.320	44.499	267.821	143.837
2023	346.202	55.746	290.456	181.419
2024	429.247	62.743	366.504	262.953

FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2024



Detalle evolución das asistencias por exercicio e mes con máximo en setembro de 2024 con 47.656 asistencias en dito mes:





Terceiro. Asesoría Xurídica

Na Asesoría Xurídica iniciáronse, e parcialmente atópanse en tramitación, asuntos xudiciais correspondentes ao ano 2024, ao marxe da tramitación dos correspondentes a outros anos e que aínda non se atopan finalizados ou finalizaron no transcurso do ano 2024. En base aos datos que nos traslada a propia Asesoría Xurídica provincial, a desagregación é a seguinte:

RELACION DE RECURSOS XUDICIAIS E INFORMES XURÍDICOS DE CONCELLOS - EXERCICIO 2024

XURISDICIÓN CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVA	SEDE XUDICIAL - CORUÑA		XURISDICIÓN SOCIAL	SEDE XUDICIAL - CORUÑA	
	TSXG	5		X SOCIAL 1	8
	XCA Nº 1	18		X SOCIAL 2	7
	XCA Nº 2	24		X SOCIAL 3	9
	XCA Nº 3	17		X SOCIAL 4	1
	XCA Nº 4	16		X SOCIAL 5	8
	SEDE XUDICIAL FERROL			X SOCIAL 6	9
	XCA 1	31		X SOCIAL 7	1
	SEDE XUDICIAL SANTIAGO			SEDE XUDICIAL FERROL	
	XCA 1	5		X SOCIAL 1	1
	XCA 2	6		X SOCIAL 2	2
				SEDE XUDICIAL SANTIAGO	
				X SOCIAL 2	3
		X SOCIAL 4	1		
TOTAL RECURSOS XUDICIAIS			172		
INFORMES XURÍDICOS			31		



Os procedementos incrementáronse un 12% con respecto ao ano 2023.

En materia procesual, desde xaneiro a decembro do ano 2024, recibíronse 3.395 notificacións na plataforma de Xustiza Lexnet correspondentes a asuntos de concellos e outras entidades locais, concretamente:

NOTIFICACIÓNS	CONCELLOS	NOTIFICACIÓNS	CONCELLOS
XANEIRO	316	XULLO	283
FEBREIRO	371	AGOSTO	33
MARZO	286	SETEMBRO	269
ABRIL	344	OUTUBRO	303
MAIO	375	NOVEMBRO	276
XUÑO	267	DECEMBRO	272
TOTAL		3.395	

Reitérase que esta cuantificación refírese única e exclusivamente aos iniciados durante o ano 2024, sen ter en conta nin os que xa se atopaban en tramitación e non finalizaran nos anos anteriores.

Así mesmo, en relación ao asesoramento xurídico, non se inclúe a información verbal, nin as reunións mantidas con concellos e unidades xestoras da Deputación que, a diario, tamén forman parte daquel.



Cuarto. Asistencia técnica informática

En relación coas **asistencia técnica informática** cabe precisar que a dotación de recursos para a innovación tecnolóxica e a incorporación de novas tecnoloxías á actividade provincial e municipal constitúe outro dos obxectivos establecidos para o exercicio 2024:

Consignáronse para a asistencia informática a concellos (programa 49122) un total de 4.625.931,82 € , dos que se comprometeron 4.065.087,71 €, é dicir, o 87,88 %.

De todas as actuacións de asistencia informática realizadas no exercicio 2024 poden destacarse as seguintes:

- Continuación coas funcións da oficina de ciberseguridade para Deputación e Concellos.
- Continuación coas funcións da oficina do goberno do dato para Deputación.
- Servizos e instalacións sobre a plataforma TEDEC/AL- SIGM, levando a cabo novos desenvolvementos, implantacións e integracións con outras plataformas de uso xeral (XUNTA, Administración Central,...) para Concellos.
- Mantemento e soporte da plataforma de sedes electrónicas para Deputación e Concellos
- Mantemento e soporte arquivo electrónico provincial e evolución e implantación do módulo de arquivo da plataforma TEDEC (Sistema Integrado de Xestión Municipal) da Deputación.
- Mantemento e soporte da aplicación da Biblioteca Provincial da Deputación.
- Mantemento e soporte da aplicación de xestión tributaria GTT da Deputación para servizo aos concellos.
- Mantemento e soporte da aplicación do Padrón Municipal de Habitantes dos concellos.
- Mantemento e soporte da aplicación do Tradutor para Deputación e Concellos.
- Subscrición anual da aplicación de lexislación e xurisprudencia Aranzadi para Deputación e Concellos.
- Mantemento e soporte das licenzas Qlik para a Deputación.
- Subscrición anual das licenzas das aplicacións de servizos técnicos da Deputación.
- Mantemento, soporte e evolución do BOP e outras tecnoloxías de administración electrónica para a Deputación
- Mantemento, soporte e asistencia das aplicacións de xestión económica-financeira da Deputación e dos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de xestión de recursos humanos da Deputación e dos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de control horario da Deputación e dos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación para a xestión das Taxas e Prezos Públicos dos concellos



- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación dunha Plataforma de Coordinación de Actividades Empresariais para Deputación.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de xestión patrimonial aos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de xestión de “citas e esperas” nas oficinas de atención ao público da Deputación.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación da aplicación para a xeración e corrección de exames automatizada para Deputación.
- Subscrición anual do portal de emprego para as administracións públicas para a xestión de convocatorias de emprego para Deputación.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación SUBTEL para Deputación
 - Oficina de certificados
 - Patrimonio
 - SID (sistema de información á dirección)
 - Subvencións de concorrencia
 - Convenios
 - Rede cultural
 - Orzamentos
 - Plans de obras
 - Obras propias
 - Plan de Formación
 - Contratación
 - Prevención de riscos laborais
 - Resolucións
 - Actas
 - Persoal
 - Portasinaturas
 - Sala de sinaturas
 - Rexistro E/S (TEDEC)
 - Rexistro departamental (TEDEC)
 - Enquisas
 - Órganos colexiados
 - EIEL
 - Oficina antifraude
 - Ciberseguridade



Quinto. Asistencia técnica a Concellos

A asistencia técnica -a maiores da canle de colaboración entre a Deputación da Coruña e COSITAL, mencionado en apartados anteriores da presente Memoria- realiza funcións de asesoramento sobre a lexislación urbanística, emitindo informes e propostas de resolución sobre suxestións e/ou alegacións aos proxectos urbanísticos.

A relación de actuacións deste servizo nos concellos durante o exercicio 2024 pode resumirse no seguinte cadro:

TIPO DE ACTUACIÓN	ACTUACIÓNS
Expedientes incoados en materia urbanística	65
Solicitudes de asistencia á implantación de obras	8
Informes de supervisión de obras e subministracións (Convenio COSITAL 91 e Deputación 28)	119
Consultas urbanísticas informais a través do correo electrónico e/ou teléfono (sen incluír as relacionadas co POS):	381
Informes de supervisión de obras e subministracións (Financiadas pola Deputación: POS 553, Convenios 42, Obras propias dos Concellos: 28.)	623
Participación en comités de expertos contratación	9
Coordinación de proxectos provinciais	3
Redacción de planeamento urbanístico	1
Participación en tribunais de oposicións	12
Expedientes SUBTEL asistencia presencial incoados polos concellos	104
Expedientes SUBTEL asistencia documental incoados polos concellos en 2024	39
Expedientes SUBTEL asistencia xeral incoados polo servizo en 2024	74
Expedientes SUBTEL de propostas Acordo de Xunta de Goberno	38
TOTAL: _	1476



IV. ACTUACIÓN SAEM DO ANO 2024

Ademais das actuacións indicadas nos apartados anteriores, podemos clasificar as actividades realizadas polo Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos durante o ano 2024 da seguinte forma:

- IV.1. Emisión de informes e resolución de consultas en tempo real
- IV.2. Actividades de formación
- IV.3. Proxectos concretos de asistencia a EE.LL. da provincia
- IV.4. Ordenanzas municipais
- IV.5. Colaboración con outras administracións
- IV.6. Elaboración de contidos actualizados Web
- IV.7. Impulso da colaboración transversal da asistencia a concellos mediante a dispoñibilidade das distintas áreas administrativas provinciais.
- IV.8. Procedementos de avaliación e mellora do servizo.
- IV.9. Exploración de canles de información complementarias.

A continuación pasamos a desenvolver as actividades realizadas durante o ano 2024 en cada un dos apartados anteriores.



IV.1. EMISIÓN DE INFORMES E RESOLUCIÓN DE CONSULTAS EN TEMPO REAL


Dentro das competencias e funcións encomendadas ao servizo segue tendo especial relevancia a actividade de apoio e asesoramento ás consultas remitidas desde as diversas EE.LL. da provincia en tempo real, é dicir, a contestación a estas cuestións por vía telefónica, informática (correo electrónico, sistema Proactivanet, Subtel) ou persoalmente nas propias dependencias do servizo.

A actividade desenvolvida neste ámbito pódese resumir da seguinte forma:

IV.1.1. CONSULTAS EVACUADAS NA ÁREA DE INTERVENCIÓN

A relación de consultas atendidas neste período acompáñase como anexo a esta memoria -nunha listaxe con indicación do contido da consulta, da entidade solicitante e das datas de rexistro da consulta e de sinatura da solución-. Durante todo o ano 2024 esta relación de consultas elaborouse de maneira xeneralizada a través do CAU, rexistrando as incidencias recibidas mediante o aplicativo informático de Proactiva.

O total de consultas recibidas neste ano alcanza a cifra de 102 incidencias. Un 65,12% delas resolvéronse no mesmo día do rexistro da solicitude, o 10,46% foron evacuadas no día seguinte nun período de menos de 12 horas, e 24,42% restante das consultas restante teñen un tempo superior de resposta debido na maioría dos casos á necesidade de solicitar máis información para completar a solicitude feita pola entidade local, ou pola necesidade dalgunha documentación específica para poder emitir unha resposta axeitada.




Dunha análise máis detallada da información contida na relación de consultas que se acompaña, pódense sacar algunhas conclusións tanto sobre as materias máis demandadas, como dos entes que demandan máis a atención do servizo e tamén da súa evolución ao longo do ano, reflectindo igualmente os períodos nos que as solicitudes son máis elevadas, o que se mostra nos gráficos seguintes.



Por **áreas temáticas**:


No seguinte gráfico vemos que as áreas nas que se producen máis consultas son as áreas de Intervención e Orzamentos.





Por tamaño do ente:

No gráfico explicativo dos entes que demandan máis asistencia do servizo, vese de maneira explícita que as entidades que demandan máis atención son aquelas de menor poboación, alcanzando as entidades de menos de 10.000 habitantes o 81% das consultas evacuadas, sendo estas o principal obxectivo do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica.




Nota: Dos 93 concellos que conforman a provincia, 43 teñen menos de 5.000 habitantes, 30 teñen entre 5.000 e 10.000, e nos outros 21 a poboación supera os 10.000.



Por período:

Neste gráfico no que se reflicten as asistencias por trimestres, vese que o nivel de máis demanda de asistencia é no primeiro trimestre. O terceiro trimestre é o que reflicte unha menor demanda de asistencia por parte dos concellos coincidindo co período estival de vacacións.







Cómpre engadir ademais as **numerosas incidencias** e consultas que se realizan por parte dos concellos de xeito máis informal, normalmente con carácter de **urxencia**, en relación a diversas áreas e que se resolven de xeito inmediato mediante chamadas telefónicas o remisión de correos electrónicos. Esta asistencia aos nosos interlocutores (tanto técnicos como funcionarios interinos, como habilitados nacionais) nos concellos supón na práctica a posta á súa disposición do equipo SAEM para a asistencia inmediata e urxente de cuestións que non permiten demora na súa tramitación, outorgando aos usuarios criterios de seguridade e confianza, e sendo moi positivamente valorada por dito persoal. Singularmente continúa a ser relevante este asesoramento para o persoal que exerce as funcións reservadas de xeito interino o incluso accidental, que demandan as labores de auxilio e apoio por parte da Deputación, que se configuran como esenciais para o desenvolvemento das súas tarefas, aportando seguridade e confianza na tramitación administrativa de expedientes de moi diversa natureza.

Da análise dos distintos gráficos elaborados e da súa comparativa cos obtidos no período anterior cabe concluír que a asistencia aos concellos da provincia por este canle presenta uns resultados satisfactorios como comentamos anteriormente, cunhas estatísticas moi similares aos anos anteriores.

IV.1.2. CONSULTAS NA ÁREA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

A continuación detállanse as estatísticas extraídas da aplicación de xestión de soporte (PROACTIVA), relativas ao número de incidencias e/ou peticións atendidas polo persoal da Sección III de Asistencia Económica vinculada ao ámbito da Xestión de incidencias en materia do Programa Ginpix7.




A información fai referencia ás **2.645 incidencias e/ou peticións** rexistradas durante o ano 2024, existindo ademais un número indeterminado de consultas e incidencias non rexistradas por dita aplicación pois foron recibidas directamente vía correo electrónico ou teléfono. Como se observa na gráfica, trátase dun numero bastante maior das rexistradas no ano 2023.

Atendendo ás cifras de poboación das entidades locais que realizan as peticións ou consultas, reflíctese unha porcentaxe de entrada de incidencias bastante próxima naquelas entidades que teñen mais de 10.000 e menos de 20.000 habitantes (16%) e os de máis de 20.000 (12%), unha maior demanda ou necesidade de soporte, de mais do dobre desa porcentaxe, nas que teñen menos de 5.000 habitantes (29%), e as entidades entre 5.000 a 10.000 habitantes supoñen a porcentaxe maior (43%) do total de EELL ás que se lles presta o soporte.



Respecto da distribución por **áreas temáticas**, o volume maior de incidencias concéntrase especialmente nas consultas sobre a xestión mensual das nóminas, representando o 62,08% das incidencias totais. Ocupan un segundo lugar as incidencias dos seguros sociais (cotizacións, afiliacións e partes de ILT) que representan o 30,02%. A súa vez as consultas sobre contratación, selección e xestión dos RRHH supoñen un 4,84%, e por último, nunha proporción moi inferior (2,46% e menos do 1% do total respectivamente), séguenlles as peticións sobre a información relativa á xestión tributaria do IRPF mensual e anual, e a estrutura organizativa (prazas, postos e o capítulo I do orzamento).





No primeiro trimestre do ano 2024 produciuse un aumento substancial no número de incidencias (767) polos seguintes motivos:

a) As modificacións legais introducidas pola Orde PJC/51/2024, do 29 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2024.

b) A aplicación da nova normativa de cotización das Prácticas Formativas, relacionada coa inclusión no sistema de seguridade social dos alumnos que realicen prácticas formativas remuneradas e non remuneradas a partir do 1 de xaneiro de 2024.



c) O novo salario mínimo interprofesional para 2024 aprobado polo Real Decreto 145/2024, do 6 de febreiro.

d) Pero, sobre todo, debido á entrada en vigor da Resolución do 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 6 de febreiro de 2024, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023. Trátase dun incremento retributivo complementario do 0,5 por cento vinculado á evolución do Produto Interior Bruto (PIB) previsto no citado artigo, cuxa aplicación con carácter retroactivo ás retribucións de todo o ano 2023 e así mesmo a partir de xaneiro do ano 2024 xerou un elevado volume de consultas e dúbidas relativos á xeración dos correspondentes atrasos derivados de ditos incrementos.

No segundo trimestre houbo un rexistro de incidencias aínda maior ao do primeiro trimestre (784 incidencias) motivado dunha parte pola aplicación da modificación da Orde de 29 de xaneiro citada, introducida pola Orde PJC/281/2024, do 27 de marzo, establecendo novos topes mínimos de cotización á Seguridade Social, e novas cotas dos contratos para formación, aprendizaxe



e para prácticas formativas. Pero o maior volume de incidencias débese na súa maior parte as consultas e dúbidas derivadas dos procesos de migración das bases de datos dos Concellos á nube de Savia, dentro do proxecto que se explica no apartado IV.4.1. No terceiro trimestre o Real decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, aprobou un novo incremento do 2% das retribucións do persoal ao servizo do sector público. Este incremento aplicouse sobre as retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2023 e con efectos do 1 de xaneiro de 2024, o que motivou un aumento considerable do número de incidencias durante todo o trimestre xa que debeu facerse efectivo na nómina do mes de xullo de 2024 e posteriores. No último trimestre, aínda que houbo unha diminución do número de incidencias respecto ao trimestre anterior, seguiron rexistrándose un número considerable debido ás liquidación dos contratos temporais celebrados no trimestre anterior e, en especial, á aplicación do incremento retributivo adicional que orixinou o cálculo dos atrasos das retribucións correspondentes dende a data mencionada.





Con respecto ao **tempo de resposta** cabe dicir que case un 90% das incidencias foron resoltas dentro das primeiras 24 horas laborables, e unha porcentaxe do 4,69% en 48 horas laborables. A solución nun tempo superior a 48 horas (un 5,37%) correspóndese na súa maioría con aquelas incidencias que, debido a fallos ou deficiencias detectadas no programa de xestión das nóminas, son reportadas a un segundo nivel de soporte externo realizado pola empresa Savia, quedando a solución nestes casos á espera de resposta por parte desta empresa.

IV.2.ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

IV.2.1. XORNADAS DORMATIVAS SOBRE NOVIDADES LEXISLATIVAS

Durante o ano 2024, impartíronse as seguintes xornadas de formación:

➤ **30 de setembro: O MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA LEI 7/2022. ANÁLISE E VALORACION DAS IMPLICACIÓNS TÉCNICAS, ADMINISTRATIVAS E ECONÓMICAS.**

- **PROBLEMÁTICA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA DA XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NA ADECUACIÓN Á LEI 7/2022. Recomendacións prácticas**
Relator: D. Simón Rego Vilar. Conselleiro da área de Corporacións Locais do Consello de Contas de Galicia
- **A TAXA LOCAL DE RESIDUOS DOMÉSTICOS NA LEI 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular**
Relator: D. Juan Ignacio Gomar Sánchez. Inspector xefe de Departamento na Subdirección Xeral de Inspección Tributaria da Axencia Tributaria do Concello de Madrid
- **SOGAMA: SOLUCIÓN INTEGRAL E CIRCULAR PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS EN GALICIA.**
Relator: D. Javier Domínguez Lino. Presidente executivo da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA,S.A.)



➤ 17 de outubro: **NOVO MARCO DAS REGRAS FISCAIS PARA AS FACENDAS LOCAIS. NOVIDADES ORZAMENTARIAS. ESCENARIO 2025**

Contido da xornada e relatores:

- **SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA. LÍMITE DE DEFICIT. LÍMITE DE DÉBEDA PÚBLICA PDE. LÍMITE DE DÉBEDA COMERCIAL (PMP). OUTROS ASPECTOS DA SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA: INFORMES DO ARTIGO 7.4 DA LBRL**
Relatora: D^a Eva Donoso Atienza. Subdirectora Xeral de Xestión Orzamentaria e Financeira das Entidades Locais. Ministerio de Facenda
- **REGRAS FISCAIS CONSECUCENCIAS: XESTIÓN DA LIQUIDEZ**
Relator: D. José Manuel Farfán Pérez. Tesoureiro Xeral da Deputación de Sevilla e do Organismo Provincial de Asistencia Económica e Fiscal (OPAEF)
- **TUTELA FINANCEIRA DAS ENTIDADES LOCAIS. ALCANCE DA TUTELA. REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA. RÉXIME DE AUTORIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO. INFORMES DE SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DE COMPETENCIAS. REACTIVACIÓN DAS REGRAS FISCAIS**
Relator: D. Román García Pastur. Subdirector de Política Financeira da Xunta de Galicia
- **RETOS INDISPENSABLES NA XESTIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS COA REHABILITACIÓN DAS REGRAS FISCAIS. POSIBLES FACTORES QUE PODEN INCIDIR NO COMPORTAMENTO DIFERENCIAL DAS ENTIDADES LOCAIS**
Relatora: D^a María Cadaval Sampedro. Doutora en Economía con Mención Europea. Profesora de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela, área de Facenda Pública.
- **SITUACIÓN ACTUAL DAS FACENDAS LOCAIS. ANÁLISE E IMPACTO DAS REGRAS FISCAIS. NOVIDADES NORMATIVAS PARA O EXERCICIO ORZAMENTARIO 2024 E 2025 NO SECTOR PÚBLICO LOC**
Relatora: D^a Mónica García Sáenz. Directora Xeral de Estabilidade Orzamentaria e Xestión Financeira Territorial



- **ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO. A REACTIVACIÓN DAS REGRAS FISCAIS. DESTINO DO SUPERÁVIT. OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN. MEDIDAS DE APOIO FINANCEIRO NO MARCO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DA LEI ORGÁNICA DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. ÚLTIMAS NOVIDADES**

Relator: D. Gabriel Hurtado López. Subdirector Xeral de Estudos Financeiros de Entidades locais. Ministerio de Facenda

- **MESA REDONDA: IMPACTO DAS REGRAS FISCAIS. CONCLUSIÓN**

Moderador: José Antonio Rueda de Valenzuela, Presidente do Colexio COSITAL A Coruña-Pontevedra.

Intervenientes:

- D. Gabriel Hurtado López. Subdirector Xeral de Estudos Financeiros de Entidades locais. Ministerio de Facenda
- D^a Mónica García Sáenz. Directora Xeral de Estabilidade Orzamentaria e Xestión Financeira Territorial
- D. José Manuel Farfán Pérez. Tesoureiro Xeral da Deputación de Sevilla e do Organismo Provincial de Asistencia Económica e Fiscal (OPAEF).

IV.2.2. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Con carácter complementario, e como mecanismo de consulta e actualización formativa, cómpre mencionar o mantemento con cargo ó orzamento provincial da licenza provincial de acceso a todas as entidades locais da base de datos dixital de ARANZADI, que permite a consulta do contido de forma gratuíta e completa facilitando e aportando seguridade xurídica nos procesos de formación dos expedientes administrativos das citadas entidades.



IV.3.PROXECTOS SINGULARES DE ASISTENCIA A EELL DA PROVINCIA

IV.3.1. NOVO PROXECTO DE EVOLUCIÓN DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE RRHH E NÓMINAS GINPIX7 Á CONTORNA SAVIA CLOUD PARA OS CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS DA CORUÑA.

Tras a firma o 30 de novembro de 2023 do contrato relativo a este novo proxecto, na primeira semana de marzo de 2024 comezaron as actuacións para a execución do mesmo, que consistiron nas seguintes:

- a) A migración das bases de datos dos 78 concellos e entidades locais dende os servidores da Deputación Provincial á plataforma Savia Cloud. As migracións leváronse a cabo en bloques homoxéneos durante as dúas primeiras semanas de cada mes do ano 2024, dende o mes de marzo a xullo de 2024.
- b) A formación aos usuarios sobre o novo acceso á contorna web de traballo colaborativo HTML5, que foi realizándose de forma unificada e en remoto para todo o persoal das entidades locais de cada bloque, dende o mes de marzo a xullo de 2024.

Coa execución deste proxecto conseguíronse cubrir unha serie de necesidades das 78 organizacións incluídas dentro do mesmo e, en concreto, os seguintes fitos:

- a) Unha estratexia de dixitalización para estar aliñados coa estratexia nacional no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e o Plan de Dixitalización das Administracións Públicas 2021-2025, cuxos obxectivos se centran en deseñar a modernización da Administración do Século XXI.
- b) Dispoñer de acceso ao teletraballo para os empregados dunha área crítica, como é a área de Persoal, que se encarga, entre outras, das funcións do cálculo do ciclo de nómina.



- c) Dispoñer os usuarios dunha nova contorna de traballo colaborativo e web: HTML5 para dispoñer con facilidade das solucións e arquivos que se utilizan a diario.
- d) Obtención dunha mellora no tempo de procesamento e rendemento na execución de cálculos na aplicación ginpix7 (por exemplo, cálculos de nómina e cálculo de orzamentos).
- e) Dispoñer dos servizos SaaS (Software as a Service) previstos para as actualizacións de Ginpix7 (que garanten o cumprimento do marco lexislativo actual e os cambios evolutivos) e servizos SaaS para as copias de seguridade programadas das bases de datos de Ginpix7 para todas as organizacións, sendo realizadas polo servizo técnico de Savia.
- f) Cumprimento dos estándares de lexislación do Regulamento xeral de protección de datos (RGPD, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), con Certificacións ENS de categoría media de Savia e alta da plataforma cloud.
- g) Seguridade certificada dos datos da plataforma cloud tecnolóxica (Microsoft Corporation AZURE) baixo a norma ISO 27001 e ISO 20000 de servizos de seguridade TI.
- h) Dispoñer da posibilidade de integracións e acceso a datos de Ginpix7 no contorna Zume Cloud, mediante API Rest específica de Ginpix7.



IV.3.2. PLAN PREMADECOR. PLAN ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR).

Ámbito de aplicación e obxectivos do Plan:

1. A aplicación das medidas anti-fraude na Deputación e entidades adscritas (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña).

A aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos anti-fraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, imponse a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.



Polo seu carácter de exemplaridade, procurarase que unha boa parte das medidas que se describen e se implantan no presente Plan resulten de aplicación, tanto pola propia Deputación coma polos seus entes adscritos, con carácter xeral no conxunto do ciclo financeiro e orzamentario no que se obteñen, e se aplican ao conxunto de recursos públicos que xestiona esta Administración, con independencia de cal sexa a orixe daqueles recursos, de fontes propias ou alleas.

Mais sen prexuízo desa tendencia ou vocación de xeneralidade exposta anteriormente, o Plan será de obrigada e intensa aplicación para o caso de que esta Deputación poida recibir fondos do programa NEXT GENERATION EU, segundo do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) establecido a través do Regulamento UE 2021/241, do Parlamento e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

Consonte ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, o PREMADECOR atende aos seguintes requirimentos:

- a) Estrutura as medidas anti-fraude de maneira proporcionada e ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo anfi-fraude: prevención, detección, corrección e persecución.
- b) Está prevista a avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave na execución do PRTR e a súa revisión periódica anual e, en calquera caso, cando se teña detectado fraude ou se produza algún cambio significativo nos procedementos ou no persoal.
- c) Defínense medidas preventivas adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situación concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.
- d) Prevese a existencia de medidas de detección axustadas aos sinais de alerta e defínese o procedemento para a súa aplicación efectiva.



- e) Defínense as medidas correctivas necesarias para aplicar, cando se detecte un caso sospeitoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación das sospeitas de fraude.
- f) Establécense procedementos axeitados para o seguimento dos casos sospeitosos de fraude e a correspondente recuperación dos fondos da UE que se poidan ter gastado de xeito fraudulento.
- g) Defínense medidas de seguimento para revisar os procesos, procedementos e controis relacionados co fraude efectivo ou potencial, que se transmiten á correspondente revisión da avaliación do risco de fraude.
- h) Especificamente regúlanse procedementos relativos á prevención e corrección de situación de conflito de intereses. Para evitar con anticipación a posible existencia de ditos conflitos, establécese como obrigatoria a sinatura dunha “Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses” (DACI) por todas as persoas que participen nos procedementos de execución do PRTR, a comunicación ao superior xerárquico da existencia de calquera potencial conflito de intereses e a adopción da decisión que, en cada caso, corresponda.

2. A posible adhesión dos concellos e outras entidades locais da provincia ao PREMADECOR: graos de adhesión.

Tal e como se está a reiterar ó longo da presente Memoria, a Deputación, como organización de xestión e goberno da Provincia da Coruña, asenta a súa natureza de entidade local na agrupación de concellos (artigo 141 da Constitución e 31 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local), atribuíndoselle como competencia esencial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica con aqueles, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36.1, letra b, da devandita Lei 7/85).

Pois ben, co fundamento competencial exposto e tomando moi en consideración a novidade e, asemade, complexidade organizativa e técnica das medidas anti-fraude que se regulan neste documento, considérase oportuno e mesmo necesario posibilitar que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan adherirse a este Plan, establecéndose deseguido



distintos niveis ou graos de adhesión, que se van a graduar partindo da poboación de cada entidade, criterio legal que se vén utilizando con carácter xeral na oferta de cooperación municipal en todos os ámbitos.

Co criterio poboacional exposto, establécense os seguintes graos de adhesión dos concellos e demais entidades locais a este Plan PREMADECOR.

A) 1^{er} GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos.

Co ánimo da cooperación exposta, ofrécese a todos os concellos e entidades locais da provincia o presente documento, co carácter de modelo ao que poden adherirse, mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.

Unha vez aprobado o plan correspondente, será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello ou entidade, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias.

Neste primeiro nivel ou grao non se produce delegación de competencia ningunha, polo que a Deputación quedará decatada do acordo cando sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia; con todo, o Comité CADECOR que se regula no presente Plan e os demais servizos da Deputación asistirán aos concellos que o requiran por escrito, emitindo os informes que procedan en cada caso de acordo co Regulamento de asistencia a municipios.



B) 2^{er} GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación da función de avaliación de riscos.

A adhesión a este segundo grao poderá acordarse polos concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste nivel os concellos e outras entidades locais destinatarias, ademais de adoptar o acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, poderán encomendar á Deputación a xestión das funcións de avaliación de riscos en cada un dos expedientes de gasto nos que exista financiamento do PRTR.

A encomenda desta xestión requirirá un acordo expreso do Pleno da Corporación, adoptado pola maioría do número legal de membros que compoñen a corporación e posterior aceptación por parte do Pleno da Deputación da Coruña, publicándose posteriormente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

C) 3^{er} GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios, con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.

Esta adhesión ao PREMADECOR e delegación de funcións na Deputación, ao igual que no grao anterior, tamén están previstas para os concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste terceiro nivel ou grao, ademais do acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, os concellos e outras entidades que estean dentro do rango poboacional indicado poderán adoptar o acordo de delegar a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co PRTR, utilización do canle de bo goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.



ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA AO PLAN ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA:

Desde a aprobación polo Pleno da Deputación Provincial do PLAN PREMADECOR o 23 de xuño de 2022, tense adheridos un total de 64 Concellos.

Durante o exercicio 2024 aprobáronse a aceptación da delegación de competencias dos concellos de: Mazaricos, Coristanco, Zas, Camariñas e Toques.

CANAL DE DENUNCIAS

Durante o exercicio 2024 tramitáronse 13 denuncias recibidas a través do *Canal de Denuncias da Oficina Antifraude da Deputación da Coruña*.

ANALISE PREVIA DE RISCOS DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACION REALIZADOS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA UE:

Dos 64 concellos adheridos, durante o exercicio 2024, 23 solicitaron informes de análise de riscos , emitíndose un total de 76 informes:

TIPO DE CONTRATO	NÚMERO
Aberto	13
Aberto simplificado Sumario	10
Aberto simplificado Urxente	-
Aberto simplificado	14
Contrato Menor	39
Total xeral	76



IV.3.3. PROXECTO DE ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS INVENTARIOS MUNICIPAIS CON INTEGRACIÓN EN GPA (XESTIÓN PATRIMONIAL DE ACTIVOS) É PERSPECTIVAS DE INTEGRACIÓN COA EIEL (ENQUISA DE INFRAESTRUTURA DE EQUIPAMENTOS LOCAIS)

A Deputación da Coruña, no exercicio das súas competencias de asistencia xurídica, económica e técnica ós concellos (art. 36 Lei 7/1985 LBRL), especialmente aos de menor capacidade económica, aborda a continuidade deste importante proxecto para satisfacer as necesidades de moitas entidades, mediante a elaboración e/ou actualización dos Inventarios de Bens e Dereitos daquelas entidades locais que así o soliciten.

Esta iniciativa provincial remóntase a décadas de colaboración, iniciada no ano 2006, levouse a cabo en cinco fases que se prolongaron ata o ano 2017, cun total de 69 inventarios realizados para as entidades locais da provincia de acordo ao seguinte cronograma:

Fase I, ano 2006, 3 entidades

Fase II, ano 2007-2008, 13 entidades

Fase III, ano 2009-2011, 12 entidades

Fase IV, ano 2012-2013, 24 entidades

Fase V, ano 2016-2017, 17 entidades

A continuidade desta iniciativa -xa consolidada- resulta especialmente relevante xa que convén lembrar a obrigatoriedade legal (art. 32 Lei 33/2003, art. 17 Real Decreto 1372/1986) que teñen todas as entidades locais de ter actualizados os Inventarios de Bens e Dereitos, así como, as rectificacións anuais sobre o mesmo, sendo conscientes nesta institución provincial do que a execución destas tarefas supón para as corporacións locais pola súa falta de medios e técnicos especializados; por isto,



considerouse conveniente consignar unha partida no orzamento provincial para posibilitar a elaboración e/ou actualización dos inventarios das corporacións locais que o soliciten a custo cero para eles.

É esta unha iniciativa ambiciosa e cuxo elemento nuclear é a elaboración e/ou actualización dos inventarios municipais concibidos, por unha banda, como unha ferramenta básica para levar a cabo unha adecuada xestión, control e optimización dos recursos públicos -dado que o Inventario permite levar a cabo un dobre control sobre os bens e dereitos- e, doutra, como unha ferramenta viva que necesita unha actualización constante como elemento esencial para as entidades locais na procura dun axeitado control contable e transparencia.

Desta maneira, facilitaríase:

- a) Dunha parte, o control de legalidade, segundo o cal ponse de manifesto a existencia e situación xurídica de cada un dos bens, o que permite, entre outras funcións relevantes, a protección e defensa xurídica dos bens -e dereitos-, así como acreditar a súa dispoñibilidade xurídica e situación, sobre os que deben realizarse as distintas actuacións patrimoniais ou execución de obras.
- b) Doutra, o control económico, a partir do que se establece o valor dos elementos de inmovilizado, que integran as distintas contas de activo, permitindo a coordinación entre os datos contables e patrimoniais, subministrando información para a realización de diferentes informes tales como os da dotación á amortización, imprescindibles para que poida realizarse un adecuado cálculo do custo efectivo dos distintos servizos municipais
- c) Como elemento diferencial e singular no presente proxecto, configúrase o obxectivo de garantir e optimizar a eficacia da actuación mediante as sinerxías da integración e ligazón da información da xestión do patrimonio tanto coa Enquisa de



Infraestrutura e Equipamento Local (EIEL) como co sistema contable de GPA, por mor de garantir unha actualización constante da realidade patrimonial de cada entidade.

Para ese efecto a Deputación da Coruña poñerá ao dispor das entidades locais que participen no proxecto:

- 1) O módulo do sistema de Xestión Patrimonial "GPA" integrado coa aplicación de Xestión económico-contable "SicalWin", no que as entidades locais beneficiarias deberán integrarse.
- 2) Os procedementos, programas e ferramentas que permitan ás entidades locais fornecer a información necesaria para a actualización da EIEL nos formatos e coa periodicidade que se estableza e a utilización destas ferramentas para a xestión do seu propio inventario.

Na procura dunha adecuada sistematización da mencionada xestión patrimonial das entidades locais definindo e enlazando as relacións contables entre o inventario e a contabilidade e coa propia Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, é preciso asegurar a asunción de determinados COMPROMISOS polas entidades locais beneficiarias do proxecto, como condición previa e inescusable para a adhesión ao proxecto, a saber:

1. Compromiso de aprobación do inventario que se elabore e/ou actualice polos órganos municipais competentes.
2. Compromiso de incorporación ao módulo de GPA de Sicalwin como programa contable de xestión patrimonial.
3. Designación do responsable municipal do proxecto que facilite, participe e supervise a realización dos traballos, así como do persoal que, previa formación na materia mediante a asistencia ás xornadas de formación en xestión patrimonial que se realicen, encárguese de manter e actualizar permanentemente o Inventario que se entregue pola/s entidade/s que confeccionarán e/ou actualizarán inicialmente o Inventario a través da pertinente aplicación informática, convertendo o Inventario nunha ferramenta



viva e duradeira, asumindo o compromiso de levar e manter o Inventario mediante a aplicación informática de xestión patrimonial facilitada pola Deputación, co asesoramento técnico das distintas Áreas de Asistencia a Municipios.

4. Compromiso de trasladar a información e documentación precisas, que se solicite pola Deputación, para a actualización da Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local no formato e prazos que se establezan.

Esta nova fase do proxecto propónse con dúas liñas de actuación diferenciadas: por unha banda a elaboración dos inventarios naquelas entidades de menos de 15.000 habitantes que non teñan un inventario de bens aprobado e non participaran en ningunha das fases anteriores do proxecto e, por outra, a actualización dos datos dos inventarios das entidades locais que o teñan aprobado ou que foron elaborados nas fases anteriores deste proxecto. En ambos os casos coa finalidade de cargar os datos no módulo de GPA de SicalWin.

Este proxecto ten a consideración de gasto plurianual e levarase a cabo en catro anualidades, contadas a partir da data da firma do contrato en documento administrativo. Na primeira e na segunda anualidade executaranse cinco inventarios xurídicos, de nova execución ou de actualización indistintamente. Para a terceira e cuarta anualidade executaranse o resto de inventarios xurídicos, de conformidade coa relación de entidades locais previstas para participar nesta fase do proxecto.

As entidades locais nas que se realizan os traballos serán propostas polo Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos en base as súas solicitudes, e requirirán, por parte dos concellos respectivos, a aceptación expresa de todos os compromisos e obrigas que comporta formar parte deste proxecto.

Establecendo un prezo unitario para a elaboración de novos inventarios de 15.000,00 euros, e para a actualización de inventarios xa realizados de 10.000,00 euros, importe en ambos os casos co IVE incluído, o importe máximo deste contrato ascendeu á



cantidade de 370.000,00 euros, IVE incluído, consignada na aplicación orzamentaria 0230/93123/22706 e distribuída por anualidades da seguinte forma:

- 1ª Anualidade: cun orzamento de 75.000,00 €, IVE incluído
- 2ª Anualidade: cun orzamento de 75.000,00 €, IVE incluído
- 3ª Anualidade: cun orzamento de 110.000,00 €, IVE incluído
- 4ª Anualidade: cun orzamento de 110.000,00 €, IVE incluído

A primeira anualidade deste novo proxecto iníciase no ano 2022 coa firma do contrato coa empresa adxudicataria, Estudio Técnico Galego, S.A., o 20 de xullo de 2022. O prezo unitario ofertado para a elaboración de novos inventarios foi de 14.398,50 euros e o prezo unitario para a actualización de inventarios elaborados en fases anteriores e debidamente aprobados foi de 9.599,00 euros, en ambos os dous casos co IVE incluído.

Os concellos designados pola Resolución de Presidencia núm. 2022/40170 para participar na **primeira fase (Anualidade 2023-2024)** do proxecto foron os seguintes: Frades, A Laracha, Sobrado, Touro e Vedra. Nestes concellos realizáronse traballos de elaboración de novos inventarios agás no Concello de Vedra que contaba cun inventario de bens aprobado, polo que os traballos realizados foron de actualización de datos. Rematáronse os traballos desta primeira anualidade en decembro de 2023 e os concellos participantes inician o exercicio contable do 2024 de maneira integrada cos datos do inventario a través do aplicativo GPA.

A **segunda fase (2024-2025)** do proxecto iníciase en xaneiro de 2024, designando por Resolución de Presidencia núm. 2024/2675 aos concellos de Betanzos, Cerceda, Miño, Muxía e Outes para participar nesta anualidade na elaboración dos seus inventarios agás o concello de Miño que conta cun inventario elaborado e aprobado noutras fases anteriores e no que os traballos consistiran



na actualización dos seus datos. Rematáronse os traballos desta segunda fase en xaneiro de 2025, no primeiro trimestre deste ano faranse os cursos de formación do aplicativo GPA e procederase a integración dos datos do inventario co aplicativo contable.

Estas actuacións se amplían coa posibilidade de incorporación neste mesmo procedemento dos inventarios de camiños municipais que os concellos que os tiveran desexen integrar.

IV. 3.4 CONTROL FINANCEIRO POR DELEGACIÓN DOUTROS ENTES

No exercicio da competencia de asistencia económica a concellos prevista no artigo 36.1 b) da Lei 7/85, de bases de réxime local, a Deputación Provincial de A Coruña asumirá por delegación as seguintes competencias cuxa titularidade ostenta o órgano interventor municipal:

a) O control financeiro das subvencións outorgadas polos concellos con poboación de dereito inferior a 10.000 habitantes.

b) O control financeiro, na modalidade de control permanente, dos servizos públicos municipais xestionados indirectamente, nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

Asemade, tamén se asumirá por delegación a xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

Os concellos *poderán delegar* as seguintes funcións:

a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.



b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia,

c) A emisión de informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa (só para concellos de menos de 5.000 habitantes).

Este servizo vén prestándose desde o 2015, sendo ó comezo do 2024 a relación de entidades que delegaron o control financeiro na deputación as seguintes: Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Cee e Dodro.

Durante a anualidade de 2024 complementaron a súa solicitude de delegación os concellos de Porto do Son e Muxía, e comunicaron a revogación da delegación Boqueixón e mais Arzúa.

IV.4.ORDENANZAS MUNICIPAIS

No ano 2004 púxose en marcha o proxecto de integrar nunha soa base de datos toda a normativa municipal dos concellos da provincia da Coruña, así como doutras entidades locais como mancomunidades e consorcios. Esta recompilación faise efectiva partindo das publicacións que fan os concellos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña tanto das súas ordenanzas fiscais como da normativa regulamentaria. O obxectivo era que os cidadáns dispuxesen desta información integrada independentemente de que algúns concellos ofrecesen este servizo individualizado nas súas web municipais. No proxecto non se incluíron os concellos das tres grandes cidades da provincia (A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol) por posuír nas páxinas web dos seus respectivos concellos unha información detallada de toda a súa normativa municipal.



No ano 2012, a Deputación crea a plataforma de sedes electrónicas municipais. A finais do ano 2024 estaban adheridos a este proxecto de Administración electrónica 69 concellos e outras 9 entidades locais (consorcios e mancomunidades). Para facilitar o proceso de solicitudes aos cidadáns, creáronse ligazóns entre a base de datos das ordenanzas municipais e cada unha das sedes electrónicas, o que permite para cada procedemento de cada concello incluído na plataforma sedes electrónicas acceder á normativa municipal vixente.

Para iso, utilizouse a información que figura nas publicacións do BOP inseridas na web provincial, así como as publicacións que historicamente se conservan en papel nos arquivos da Deputación. Despois dun longo proceso no que se contou tamén coa colaboración dos concellos, hai xa un tempo que se culminou o proxecto, e actualmente o labor da Deputación da Coruña consiste en seguir actualizando esta base de datos a medida que os concellos publican a súa normativa no Boletín Oficial da Provincia.


Os concellos e outras entidades locais adheridos ao proxecto de administración electrónica son:

Abegondo, Aranga, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Monfero, Muros, Muxía, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Rianxo, Rois, Sada, Santa Comba, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmajor, Vilasantar, Vimianzo, Zas.



Outras entidades locais: Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, Consorcio das Mariñas, Mancomunidade de Arousa Norte, Mancomunidade de Fisterra, Mancomunidade de Ordes, Mancomunidade de Concellos do Tambre, Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, Auditorio de Galicia, Sumarte (Sociedade Municipal de Arteixo).

Para coñecer o seu impacto no público e a viabilidade deste servizo, no ano 2008 estableceuse a través de Google Analytics un control das consultas que se realizaban a esta base de datos tanto en España como no estranxeiro. A partir do ano 2023 este control faise a través da plataforma MATOMO. Estas consultas tamén se desagregaron en “visitas recorrentes”, aqueles terceiros que xa utilizaran a base de datos con anterioridade, e “visitas novas”, aqueles visitantes que utilizan o servizo por primeira vez. Aínda que a maior parte das consultas realízanse desde territorio nacional, tamén se observa que hai un bo número de visitas procedentes do exterior, especialmente de países de Europa e Hispano América. Así podemos constatar que o número de consultas multiplicouse por máis de cinco desde que se puxo en funcionamento este contador de visitas en 2008 ata o ano 2021.



No mes de xullo de 2022, por razóns de seguridade o Servizo de Informática e Administración Electrónica decidiu suspender temporalmente o acceso ás consultas da base de datos de ordenanzas municipais a través da web da Deputación. Unha vez que se puxeron en marcha os controis necesarios para garantir a seguridade informática, este Servizo restableceu de novo o acceso ás consultas a principios do ano 2023. Isto tamén repercutiu nos métodos de traballo na plataforma de sedes electrónicas que actualmente volveron a súa dinámica anterior.

Para facer unha comparativa da evolución do número de visitas nos últimos tres anos, tomamos como referencia os meses de marzo, abril, maio e xuño, por ser os meses dos que dispoñemos dunha información completa nos tres anos. Se comparamos as cifras entre os anos 2022 e 2023, pódese observar que o nivel de visitas diminuíu moito a consecuencia do parón que houbo na suspensión deste servizo no segundo trimestre do ano 2022. Con todo, se comparamos os anos 2023 e 2024, os datos reflicten a recuperación do uso deste servizo ao activarse novamente a principios do ano 2023.

VISITAS	Marzo	Abril	Maio	Xuño
2022	3.565	3.233	3.757	3.550
2023	1.913	2.116	2.403	2.348
2024	2.876	3.267	3.824	2.768

No ano 2024, nos servizos informáticos da Deputación comezouse a elaborar unha nova plataforma para xestionar desde SUBTEL a base de datos das ordenanzas municipais. Esta púxose en funcionamento en xullo deste ano. Se ben quedan algúns flecos para rematar esta tarefa, así como a ampliación do menú de consultas ao público, dende o terceiro trimestre do 2024 faise a xestión da base de datos integramente desde a nova plataforma.



Xusto a raíz do cambio do software antigo de Gobernalía ao software novo a través de SUBTEL en xullo de 2024, o rexistro de visitas na plataforma MATOMO adquiriu unha tendencia moi negativa no número de usuarios, ata o punto de que nos dous últimos trimestres de 2024 rexistráronse caídas de máis do 100% respecto aos dous primeiros trimestres. Este cambio tan brusco parece incongruente tendo en conta a tendencia histórica á alza que houbo ata este momento. De feito, isto pódese constatar se comparamos tres anos dos que dispoñemos información completa das visitas, dos que incorporamos a seguinte información:


VISITAS	1er Trimestre	2º Trimestre	3er Trimestre	4º Trimestre	TOTAL ANUAL
2020	6.806	7.997	8.891	8.839	32.533
2021	9.400	10.865	9.860	8.966	39.091
2024	8.282	9.859	3.923(*)	4.019(*)	26.083

(*) Estímase que esta **anomalía** procede dalgunha incidencia informática, e que posiblemente poida ser debida ao diferente modo de rexistrar as visitas en cada un dos dous aplicativos. Actualmente estase estudando este incidente para saber a procedencia desta irregularidade.

Por iso, tendo en conta a suspensión do servizo no segundo trimestre do 2022 e o restablecemento do mesmo a principios do ano 2023, se facemos unha comparativa histórica anual da evolución do número de visitas facendo unha estimación nos trimestres onde non temos os datos completos e onde os datos presentan a incongruencia anteriormente explicada, quedaríanos a seguinte gráfica:



VISITAS ANUAIS Á BASE DE DATOS DE ORDENANZAS MUNICIPAIS



IV.5.COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Durante este ano 2024 dende o Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos continuouse prestando a colaboración cos distintos organismos públicos estatais e autonómicos para recompilar información dos concellos da provincia de diversa natureza, tarefa que lles resultaba moi infrutuosa, e respecto da que a colaboración da Deputación demostra cada vez máis ser unha alternativa tremendamente eficaz e valorada de forma moi positiva por esas institucións.



Cómpre subliñar unha vez mais a relevancia das actuacións de coordinación coas distintas administracións públicas para os efectos de facilitar o cumprimento das obrigas legais impostas ás entidades locais en cuestións relativas ó réxime de endebedamento ou cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto:

- a) Coa **Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Entidades Locais da Xunta de Galicia**, como órgano de tutela financeira, en relación a determinadas cuestións relevantes, como a **reactivación** da vixencia das **regras fiscais** dende o 2024, incidindo na necesaria planificación orzamentaria a efectos de procurar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto, evitando así a obriga de aprobación de Plans Económico-financeiros e requirimentos de acordos de non dispoñibilidade de créditos
- b) Coa **Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda**, para a análise da aplicación normativa e propostas de alternativas que garantan a prestación dos servizos básicos esenciais por parte das entidades locais en supostos nos que os mecanismos orzamentarios e financeiros da Deputación provincial poidan coadxuvar á consecución de tales obxectivos, con adecuación aos requisitos e esixencias normativas impostas polos distintos mecanismos de financiamento estatais para o pago a provedores.
- c) E coa **Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e Financeira das EELL do Ministerio de Facenda** que solicitou, como en anos anteriores, a nosa colaboración para a asistencia aos concellos da nosa provincia que se encontraban nunha destas situacións:
 - Incumprimento do PMP -Período Medio de Pago- e a colaboración na posta en marcha das medidas correctoras ao obxecto de garantir o cumprimento da normativa vixente sobre o PMP e poder así evitar as medidas sancionadoras.



O Servizo de Asistencia Económica púxose en contactos cos responsables políticos e técnicos dos concellos afectados para reiterarlles a dispoñibilidade do ente provincial para colaborar con eles na efectiva adopción das medidas correctoras oportunas.

Como resultado destes contactos confirmouse que todas as entidades diminuíron os seus prazos de cómputo; por outra banda, os concellos solicitaron nas ampliacións do Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial o financiamento do gasto corrente relativo a servizos básicos, o que sen dúbida contribúe a mellorar a situación financeira e orzamentaria das entidades locais e a consolidar a senda de cumprimento dos prazos legais de pago a provedores.

- Incumprimento do deber de remitir a información de índole orzamentaria (liquidacións, execucións trimestrais, plans orzamentarios a medio prazo).

Coa colaboración do Servizo de Asistencia Económica e, nomeadamente, do servizo de Contabilidade, os concellos foron quen de cumprir coas obrigas esixidas evitando así a eventual aplicación de retencións na participación nos tributos do Estado

- d) Con carácter singular, cómpre subliñar as actuacións de **colaboración e cooperación co Consello de Contas**, na procura do establecemento dunha canle permanente e continua de comunicación e colaboración mutua que tanto e tan bos resultados ven dando nos últimos anos.

Entre as actuacións ou encomendas realizadas polo Servizo Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos baixo a coordinación da Intervención Xeral, poden destacarse as seguintes:



- **Remisión de información:** Colaboración co obxecto de que as entidades locais remitiran a información solicitada polo Consello de Contas en distintas materias obxecto de análise, estudo do custo ou auditoría de distintos servizos públicos municipais.
- **Rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022**, solicitando a colaboración para a consecución dos obxectivos 100% de rendición ou, no seu defecto, procurar solucionar os problemas de peche contable e posterior formación e tramitación dos correspondentes expedientes en relación a determinados concellos (Cerceda, Cambre, Rois, Frades, Outes e Oza-Cesuras), remitindo puntual información da súa evolución a efectos da inclusión no contido do informe publicado polo Consello de Contas no primeiro semestre de 2024.

Esta actuación por parte do Servizo de Asistencia económica ampliouse ás mancomunidades relacionadas na solicitude do Consello de Contas: Augas do Concello de Carnota e Muros, Comarca Compostela, Tambre, Serra do Barbanza, Ría de Arousa-Zona norte e Xallas-Tines-Tambre

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2022/20240412_Informe_Informe_de_fiscalizacion_1702023-01_IF_Informe_Conta_Xeral_Entidades_Locais_2022_C.pdf

- **Contabilización da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma (PICA)**

A participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma defínese como unha transferencia incondicional que a Comunidade Autónoma de Galicia realiza como cooperación económica, a través dun Fondo de Cooperación Local e dun Fondo Extraordinario de apoio aos concellos, fondos que se dotan en función dunha porcentaxe da recadación líquida dos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma.



Como consecuencia das diverxencias observadas entre as liquidacións nese concepto recollidas nas Contas xerais das entidades locais en comparación coas incluídas nas liquidacións da Xunta, remitíronse polo Consello solicitudes de aclaración en base a unha cuestionable presunción de contabilización incorrecta en base á Orde EHA 3565/2008.

Realizáronse as xestións con diversos concellos que comunicaron esta circunstancia á Deputación, verificándose a corrección na maioría dos casos dos criterios empregados, tendo en conta que a contabilización do ingreso se realizaba cando figuraba materialmente en contas municipais, con independencia da data na que a Comunidade Autónoma facía o pago ou libramento; dita circunstancia xeraba a necesidade de conciliación, que foi debidamente explicada ao Consello de Contas, recomendando non obstante aos concellos que remitiran as xustificacións correspondentes.

- A solicitude do propio organismo autonómico, realizáronse **xestións coas entidades locais** co obxectivo de solucionar as diversas incidencias relativas á omisión da remisión de determinada información por parte das entidades locais da provincia
- No **ámbito formativo**, e no marco de colaboración con esta institución, reforzouse a canle de contraste e avaliación conxunta dos contidos das diversas actividades formativas que se consideraron de especial interese para coadxuvar a formación do persoal ao servizo das entidades locais; e mesmo procedeuse a dar difusión a través da web da Deputación e o Colexio Provincial COSITAL, tanto das actividades de formación organizadas polo Consello, como das convocatorias para a provisión de diferentes postos de auditoría na propia institución.

En definitiva, por parte deste servizo provincial se propiciou o asentamento e o desenvolvemento do marco de colaboración e intercambio de información permanente tanto co Consello de Contas como cos Colexios provinciais de habilitados nacionais, para o establecemento conxunto dun plan formativo da institución, de xeito que, por unha banda, se posibilitase o público coñecemento dos criterios asumidos polo órgano de control externo nas súas tarefas fiscalizadoras e, por outra, se coñeza por parte do órgano



de control externo a realidade dos concellos e das súas dispoñibilidades persoais e materiais, de maneira que poida contribuírse á mellora da xestión administrativa por parte das entidades locais da provincia en todos os eidos de actividade.

IV.6.ELABORACIÓN DE CONTIDOS ACTUALIZADOS WEB

Neste exercicio 2024, este servizo actualizou o amplo contido das distintas áreas temáticas que figuran na web provincial, en función das novidades legislativas acontecidas con especial mención ao novo escenario orzamentario derivado da reactivación das regras fiscais no exercicio 2024 coa aplicación dos obxectivos de estabilidade, sostenibilidade financeira e regra de gasto. Así se multiplicaron as asistencias prestadas na explicación da transcendencia de implementar criterios de programación na execución orzamentaria co propósito de conseguir o cumprimento dos obxectivos mencionados ao remate do exercicio, evitando así a necesidade de aprobación dun plan económico-financeiro que sería esixible no caso de incumprimento.

Continúa sendo uns dos propósitos deste servizo a ampliación das propias áreas temáticas, ben engadindo novos contidos, ben desagregando os actuais nos necesarios para garantir o mellor rendemento e asistencia.

Na medida que o escenario económico-orzamentario siga tendo incidencia directa ou indirecta no exercicio das competencias das entidades locais, será motivo de singular seguimento por parte do SAEM, mantendo o compromiso de difusión entre os concellos da articulación de criterios que aporten certeza e seguridade xurídica as súas actuacións.



IV.7.IMPULSO DA COLABORACIÓN TRANSVERSAL DA ASISTENCIA A CONCELLOS MEDIANTE A DISPOÑIBILIDADE DAS DISTINTAS ÁREAS ADMINISTRATIVAS PROVINCIAIS

Un ano máis, a implicación dos distintos servizos da Deputación na asistencia aos concellos da provincia é unha realidade que se vén acreditando de xeito incuestionable ano tras ano, reforzando o ámbito obxectivo de actuacións de especial relevancia que se ven sometidos a un maior grado de adecuación á normativa, procedemento e medios técnicos e esixencias tecnolóxicas.

En consecuencia, e como continuidade a este labor esencial para o funcionamento administrativo dos concellos, estase a incrementar se cabe unha maior intensidade na implicación dos distintos servizos nestas tarefas, a través das seguintes actuacións:

a) Espazo SAEM:

- Colaboración co SAEM na proposta de complementar nas Áreas temáticas incluídas na "web SAEM" a documentación e modelos que se estime convenientes para a utilidade dos usuarios.
- Proposta de elaboración, en coordinación co Servizo de Contratación, dunha recompilación dos informes de diversa natureza resultantes das actuacións contratadas pola Deputación en diversos ámbitos (xurídico, socio-económico, cultural) co obxecto tanto de fomentar a transparencia nas actuacións da Deputación, como de posta a disposición dos concellos para a súa consulta e aproveitamento dos seus contidos.

b) Formación: Participación activa na elaboración, deseño, programación e impartición das actuacións formativas ao persoal dos concellos, coordinadas polo Servizo de Organización, procurando a mellora das competencias e habilidades tanto do propio SAEM, como dos empregados públicos das entidades locais.



- c) Consultas: Ampliar a dispoñibilidade na prestación dos servizos de asistencia por parte das distintas áreas da Deputación aos novos proxectos que se implanten (como é o caso da asistencia na área de Recursos Humanos no programa de control de presenza), fomentando ademais procedementos de identificación e seguimento das incidencias en función da súa natureza.

Mantense o compromiso do Servizo de arbitrar unha liña constante e permanente de vixilancia e colaboración con aqueles concellos que mostran problemas crónicos, non unicamente referidos á xestión económica, senón ao cumprimento das obrigas de remisión da información ao Ministerio e CCAA; de esta forma, perséguese como obxectivo a anticipación que permita unha actuación preventiva (e non tanto correctiva) respecto dos problemas que puidera ocasionar esa demora, facilitando así a prestación das asistencias necesarias para o cumprimento en tempo e forma dos deberes legais de comunicación. Con isto evítanse problemas engadidos de requirimento de información e xustificacións, imposibilidade de acceso ao financiamento e, en última instancia, problemas de liquidez financeira como consecuencia da imposición de retencións na participación nos ingresos do Estado.

Como xa se mencionou, esta actuación require o mantemento das vixentes canles de comunicación permanentes con outras institucións (COSITAL, colexios profesionais) e administracións (Estado, Xunta de Galicia, Servizos de asistencia doutras deputacións) por mor dunha xestión máis eficaz e eficiente en orde á consecución dos obxectivos esixidos pola normativa vixente e mesmo propiciando unha sorte de mediación institucional entre o concello e esas administracións, tratando de harmonizar e unificar criterios, se é o caso.



Cómpre insistir na importancia da intensificación e consolidación da colaboración institucional nos seguintes ámbitos materiais de actuación:

- a. Coordinación co **órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia**, en relación coas posibles interpretacións da continua actualización da normativa en materia económico-orzamentaria e financeira, como dos criterios aplicables aos expedientes municipais que deben ser obxecto de avaliación por esa institución. Cómpre subliñar a reactivación das canles de comunicación con esta institución por mor da rehabilitación da regras fiscais, de cara a consensuar procedementos e modelos que permitan ás entidades locais que incumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria elaborar plans económico-financeiros coas garantías formais, procedementais e materiais esixibles para volver á senda do cumprimento.
- b. Intensificar as canles de comunicación **coa Dirección xeral de administración local** e co propio **Colexio provincial de secretarios, interventores e tesoureiros de administración local (COSITAL)** coa finalidade de mediación na cobertura provisional das prazas reservadas a funcionarios de habilitación nacional que requiran a súa cobertura -definitiva ou temporal- para o exercicio das funcións reservadas. Esta circunstancia resulta especialmente sensible nun escenario como o actual marcado pola falta de cobertura de vacantes motivadas tanto polas ofertas públicas de prazas insuficientes en relación ás vacantes existentes, como polos procesos de xubilación de persoal que se están a producir.
- c. Coordinación co **órgano de control externo da CCAA de Galicia**, tanto en labores formativas (xornadas de formación, determinación de criterios de fiscalización), como informativas (comunicación dos requirimentos de información, colaboración previa o envío de solicitudes e requirimentos de cumprimento de información, establecemento de modelos consensuais de solicitude de información, publicidade e concienciación para o cumprimento dos deberes de remisión de documentación solicitada), como mediadoras (dirimir e xestionar posibles incidencias entre as entidades locais e o Consello



de Contas, fomentar a relación directa entre as institucións, actualizar as canles de comunicación e rexistro, determinación de interlocutores polas distintas entidades para unha mellor coordinación nas actuacións impulsadas).

IV.8.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO

No exercicio das labores asistenciais, este servizo contrasta de modo permanente e continuo a percepción da utilidade da asistencia económica que teñen as entidades locais provinciais; porén, procede que desde o servizo se deseñen e impulsen procedementos de avaliación da prestación ofrecida por parte das entidades locais, de xeito que permita a obtención de datos documentados relativos ao grao de satisfacción das entidades beneficiarias e as propostas de mellora, todo isto co propósito de acrecentar e progresar na finalidade perseguida que é a de contribuír ao proceso de evolución sostido e sostible dunha administración local máis moderna que permita ofrecer unha adecuada resposta ás demandas sociais dos cidadáns.

Con este obxectivo, continúaase traballando en modelos de enquisas e indicadores que permitan a obtención de datos relevantes para a adopción das actuacións necesarias para intentar garantir unha prestación integral de calidade, áxil, útil e eficaz.

IV.9.EXPLORACIÓN DE CANLES DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIAS

A pesares da ampla e variada problemática que a súa implantación esixiría solucionar, non renunciaremos ao establecemento de canles adicionais de comunicación e información; a dinámica das comunicacións no actual contorno das redes sociais existente



segue a esixir unha valoración sobre a conveniencia da utilización destas canles como método complementario de comunicación e transmisión da información que facilite a súa accesibilidade.

V. CONSIDERACIÓNS FINAIS

A efectiva e eficaz prestación dos deberes de colaboración e asistencia coas entidades locais da provincia segue a esixir a intensificación da aplicación dos recursos persoais, materiais, organizativos, económicos, e orzamentarios desta Deputación provincial, de xeito que se garante o seu adecuado servizo.

A rehabilitación das regras fiscais de estabilidade, regra de gasto e débeda pública no ano 2024, supuxo un reto para o mantemento das prestacións de servizo público de maneira que os niveis cuantitativos e cualitativos na calidade dos mesmos no sufran menoscabo ningún, aínda que as posibilidades de execución orzamentaria sexan máis restritivas. Coñecedores de dita circunstancia, articuláronse procedementos para a implantación de mecanismos de previsión e planificación orzamentaria e financeira por parte das entidades locais da nosa provincia, acentuando a necesidade de concienciación dos órganos responsables da xestión orzamentaria na súa aplicación, coa colaboración dos servizos económicos municipais.

Neste camiño, as entidades locais sempre atoparon -e atoparán- a colaboración comprometida da Deputación provincial -e do seu Servizo de Asistencia Económica en particular-, garantindo unha eficaz e puntual prestación dos servizos básicos esenciais e posibilitando o cumprimento dos obxectivos de remisión da información que outras administracións lles soliciten.



Tendo en conta as dificultades que as entidades locais sofren na súa xestión administrativa ordinaria que exceden do ámbito económico, vense observando un aumento considerable de situacións de conflito que demandan deste servizo a realización de labores de mediación, conciliación e intercesión, incrementando o compromiso do persoal no afán de procurar solucións pacíficas; isto só é posible grazas o tesón, a perseveranza e a prudencia dos funcionarios que realizan esta labor.

Como xa é costume, pero coa mesma vixencia, concluímos co mesmo corolario que informa e condiciona a nosa actividade, e cuxa filosofía ilustra a aspiración e o compromiso dos compoñentes deste servizo -e por extensión, da totalidade dos servizos provinciais- na execución das súa tarefas: *"reforzar aos pequenos concellos e chegar onde estes non poden chegar, asumindo con vontade proactiva e innovadora o propósito dunha asistencia integral cada vez máis eficaz, inmediata e transversal"*.

A xefa do Servizo de Orzamentos
e Asistencia Económica a Concellos,

M^a José Vázquez Sesmonde
(asinado dixitalmente)

O interventor adxunto,

Marcial Rodríguez Toajas
(asinado dixitalmente)